

Mary Everest Boole (Inglaterra, 1832-1916)



Pasa a súa infancia en París, onde comeza os estudos de Matemáticas, con Deplace, cun método baseado nas ensinanzas de Rousseau. Aos 11 anos volve a Inglaterra e segue estudando na biblioteca familiar.

O seu tío, George Everest, foi quen calculou a altura da montaña máis alta da India, que leva o seu nome: monte Everest. Por intermediación del, Mary coñece a George Boole (1815-1864), quen lle ensinou máis Matemáticas, mentres ela lle axudaba co libro *As leis do pensamento*. Anos máis tarde casaron e tiveron cinco fillas, algunha das cales tamén foi unha destacada matemática.

Mary traballou no Queen College, primeira Universidade para mulleres en Inglaterra, como bibliotecaria (non se lles permitía impartir docencia ás mulleres). Alí converteuse en conselleira das estudantes, ás que axudaba en Matemáticas seguindo o método de Deplace.

Interesouse na ciencia do psíquico e do mundo espiritual; escribiu *A mensaxe da ciencia psíquica para nais e enfermeiras*. Debido á controversia sobre este libro, perdeu o seu traballo na universidade. Considerábase a si mesma como unha psicóloga matemática.

Organizaba reunións onde o estudantado e ela discutían sobre filosofía, dereitos dos animais, lóxica, evolución das especies de Darwin e psicoloxía. Sempre trataba de comprender o proceso de aprendizaxe e o razoamento das nenas e dos nenos, como usaban as súas mentes. As súas achegas ao ensino foron moi extensas e tivo un grande impacto nas escolas progresistas de Inglaterra e dos Estados Unidos.

Inventou a «curva puntada», ou «xeometría da secuencia», para axudar a comprender a Xeometría: os ángulos e os espazos.